

**Un país
xusto.**

**Acción
exterior**

**Paz, xustiza, solidariedade
e cooperación para o
desenvolvemento**

**Programa
2016**

3 **Un país solidario e cooperante**

4 **Diagnose**

5 **Principios e directrices da nosa acción política neste ámbito**

6 **Principais medidas:**

1. Galicia, país de acollida.
2. Abordaxe integral da situación das refuxiadas e persoas migrantes.
3. Converter a Xunta de Galicia nun axente de cooperación ao desenvolvemento activo, transparente e aberto.
4. Cumprir os compromisos co sector da cooperación en Galicia.
5. Educar para acadar unha cidadanía global con compromiso solidario e fomentar a participación real e efectiva da sociedade.
6. Unha acción exterior da Xunta de Galicia transparente e avaliable.
7. Recoñecemento da República Árabe Saharaui e apoio ao Estado de Palestina.
8. Contribuír ao establecemento dunhas relacións internacionais baseadas na Carta de Nacións Unidas.
9. Galicia libre de bases militares da OTAN.
10. Lei de Fomento da Cultura de Paz de Galicia.

Un país solidario e cooperante

Os grandes movementos migratorios non son alleos a Galicia. En todas as familias temos exemplos de persoas que tiveron que abandonar o noso país no último século por problemas políticos e/ou económicos. Cando eses mesmos dramas son vividos noutras latitudes cómpre que o poder galego actúe dende a solidariedade. Apostamos por un país solidario e cooperante, un país de acollida que defenda un concepto de cidadanía global sen que iso supoña renunciar á nosa identidade como pobo. Apostamos porque o poder galego sexa un axente de cooperación e desenvolvemento activo destas políticas, apoiando ás organizacións representativas do sector que pretenden levar a solidariedade galega a outras partes do mundo.

Diagnose

A Xunta de Galicia leva anos incumprindo reiteradamente os seus compromisos en cooperación, recortando e poñendo en perigo a calidade da cooperación galega.

En Galicia a política de cooperación ao desenvolvemento foi a política social máis recortada polo Goberno da Xunta, caeu máis dun 64% desde o ano 2009, ano no que acadou o seu máximo histórico cunha dotación de 12 millóns de euros e un 0,1% de dedicación orzamentaria. Precisamos recuperar a política de Cooperación ao Desenvolvemento como unha política social e pública, con impacto, previsible e transparente, á marxe da loita partidista, e orientada á loita efectiva contra a pobreza e as desigualdades.

O goberno de Feijóo sempre estivo á cola das CC.AA solidarias e o peso da política de cooperación sobre a totalidade do orzamento galego sempre foi marxinal, pero aínda así foi gravemente recortada coa escusa da crise. Os recortes en cooperación ao desenvolvemento dificilmente tiveron impacto no control do déficit público e sen embargo si afectaron a centos de persoas de países empobrecidos. Actualmente Galicia destina o 0,04% dos seus orzamentos á cooperación ao desenvolvemento, a menor dedicación orzamentaria dos últimos 15 anos. En 2016, mentres 8 CCAA aumentaron a súa dedicación orzamentaria, en Galicia, malia que este ano aumentou o orzamento xeral da Xunta, os orzamentos destinados á política de cooperación ao desenvolvemento seguen estancados.

O respecto dos dereitos humanos nas fronteiras e garantía na protección das persoas, Galicia debe esixir o obrigado cumprimento de todos os códigos e principios desenvolvendo a lexislación e penalización correspondente. A política exterior que quere EN MAREA para Galicia sitúanos nun escenario diferente, onde as relacións entre os pobos e os conflitos que podan xurdir se solucionen desde a diplomacia, a cooperación e o deseño dunha cultura de paz e solidariedade, defensora da diversidade cultural nunha contorna respectuosa coas diferenzas lóxicas entre os pobos. Galicia non pode vivir allea ás reclamacións de pobos irmáns e desenvolverá políticas para a solidariedade entre os pobos do mundo.

Principios e directrices da nosa acción política neste ámbito

EN MAREA apoiará a súa acción política no ámbito da acción exterior, paz, xustiza, solidariedade e cooperación para o desenvolvemento nos seguintes principios e directrices:

1. A cooperación entre os pobos do mundo debe asentarse nunha firme defensa do público como ámbito de actuación privilexiado para garantir a cohesión social, e a resolución dos problemas globais que nos afectan. Para iso, é imperativa a redistribución da riqueza asentada na xustiza social e os dereitos humanos, indo máis aló do carácter asistencialista. Cómpre ir á raíz das causas da «expulsión» das súas terras de milleiros de africanos, asiáticos ou americanos. Para actuar nelas e construír unha Galicia nun Estado e nunha Europa solidarias cómpre políticas que interveñan desde o empoderamento das persoas para construír un mundo máis xusto, onde pobreza, desigualdades e sustentabilidade vaian asociadas nos obxectivos e nas políticas públicas.
2. Cómpre un novo marco regulatorio da política exterior baseada no respecto do dereito internacional, na promoción da paz e a loita contra a pobreza. Para EN MAREA a solidariedade debe ser a virtude das relacións comerciais que se dean entre as nacións e pobos do mundo, para, entroutras consideracións, anular os efectos negativos da chantaxe neocolonial dos Tratados de Libre Comercio. Opoñémonos ao TTIP e aos acordos que permiten desbaldir recursos de pobos oprimidos nos seus propios países (Palestina, Sáhara).
3. Centralidade dos dereitos humanos, do empoderamento das persoas e da provisión de servizos públicos no desenvolvemento das políticas de cooperación, así como reivindicación do 0,7% do PIB para levar a cabo ditas políticas.
4. Non queremos que Galicia sexa campo de experimentación das estratexias militares da OTAN, tal como sucede coas Rozas en Lugo. Por iso, reivindicamos a necesidade de saír da OTAN e a convocatoria dun novo referendo sobre a pertenza á Alianza Atlántica.

Principais medidas:

1. **Galicia, país de acollida.**

A situación dos milleiros de persoas que foxen da guerra e se atopan ás portas de Europa precisa dunha política responsable, que teña por eixo a dignidade de todas as persoas. Iremos máis alá das directrices marcadas polo goberno do Estado e poremos toda a capacidade de acollida do goberno galego, con fondos e equipamentos propios, para paliar e abordar de xeito integral a situación das persoas refuxiadas e migrantes.

A Xunta de Galicia exercerá toda a presión posible dentro do marco das súas competencias para denunciar o Tratado asinado entre a UE e Turquía por asentarse na vulneración de dereitos humanos das persoas refuxiadas e solicitantes de asilo político. Mentres non se produza a súa revogación, Galicia defenderá, por riba de calquera vulneración, a Carta de Dereitos Humanos.

2. **Abordaxe integral da situación das refuxiadas e persoas migrantes.**

En Marea cumprirá coas demandas do movemento asociativo, o Foro Galego de Inmigración e a Rede Galega en Apoio das Persoas Refuxiadas, no que respecta a estes colectivos. A Xunta de Galicia e restantes administración públicas deben asumir a responsabilidade de garantir os dereitos das persoas migrantes, refuxiadas e asiladas e promover a súa autonomía, a través de alugueres de vivendas, mediación lingüística, acceso ó sistema sanitario, educativo, social, etc. Neste sentido, a Xunta de Galicia porá a disposición das persoas migrantes, refuxiadas e asiladas recursos que tamén beneficien ao conxunto de persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social: recursos sanitarios, de reforzo escolar, e educación inclusiva plena, de tradución, de integración e mediación.

Entre outras medidas, ademais de esixir ao Goberno de Estado para que derroque o RD 16/2012, que supón a exclusión sanitaria para milleiros de persoas (e que afecta especialmente a persoas migrantes tanto en situación de irregularidade administrativa como non) e para que restitúa a asistencia sanitaria universal, pública e gratuíta, en Galicia deixará de aplicarse de inmediato e se restituirá o dereito de acceso á asistencia sanitaria universal de todas as persoas ás que lle foi vulnerado ese dereito. Tamén se suprimirán atrancos burocráticos que impiden o seu acceso a prestacións e axudas sociais, como a actual RISGA.

Así mesmo, derrogarase a Orde que regula o «procedemento para a emisión do informe sobre o esforzo de integración da persoa estranxeira no ámbito galego», establecendo, en cooperación cos axentes sociais implicados e coas restantes administracións públicas un regulamento unificado e claro sobre os procedementos a cumprimentar e os trámites que sexan precisos na integración e convivencia das persoas estranxeiras.

3. **Converter a Xunta de Galicia nun axente de cooperación ao desenvolvemento activo, transparente e aberto.**

Seguindo o IV Plan de Cooperación Galega, desde En Marea impulsaremos a participación directa da administración autonómica en programas estratéxicos de cooperación nos países identificados como prioritarios. Elaboraremos un Plan Director que primará a participación dos axentes sociais, de

institucións como as universidades galegas e dos concellos agrupados no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O Consello Galego de Cooperación será reformado para que a representación da Xunta de Galicia non supere o 40% dos seus membros. Aseguraremos que os traballos e estudos de carácter técnico que se encarguen sexan adxudicados mediante procedementos que garantan a publicidade e libre concorrència.

4. Cumprir os compromisos co sector da cooperación en Galicia.

Desde En Marea incrementaremos os fondos dedicados á cooperación ao desenvolvemento nun mínimo do 20% anual nos orzamentos de 2017 e seguintes, co obxectivo de ter dobrado esas partidas ao final da lexislatura. Fortaleceremos os convenios de colaboración coas plataformas e organizacións representativas do sector, así como coas universidades públicas galegas. Realizaremos unha avaliación dos resultados da convocatoria de Fortalecemento de ONGDs con carácter previo á súa reformulación e, chegado o caso, ampliaremos a dotación financeira.

Comprometémonos a cumprir e facer respectar o Pacto Galego contra a Pobreza, un documento impulsado pola Coordinadora Galega de ONGD que recolle o compromiso político en relación á cooperación internacional ao desenvolvemento, á loita contra as desigualdades e a favor da xustiza social; tamén no eido do comercio xusto, loita contra o cambio climático e a igualdade de xénero.

5. Educar para acadar unha cidadanía global con compromiso solidario e fomentar a participación real e efectiva da sociedade.

O goberno galego potenciará campañas de educación para o desenvolvemento e sensibilización social, promovendo a implicación directa dos departamentos autonómicos con responsabilidades en áreas como Educación, Mocidade, Benestar Social e Igualdade. No marco do Sistema Universitario Galego promoveremos a creación dun mestrado no ámbito de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria. Incrementaremos as bolsas de formación en cooperación ao desenvolvemento ata un mínimo de 20 en 2020, e melloraremos as condicións económicas dos bolseiros e bolseiras.

6. Unha acción exterior da Xunta de Galicia transparente e avaliable.

Para EN MAREA a acción exterior da Xunta de Galicia debe permitir o asentamento dun marco estable de cooperación, ancorado nos principios de respecto institucional, de vocación de servizo público, de reciprocidade, que permitan o establecemento de melloras nos eidos social, político, económico e cultural. Galicia debe proxectarse como un pobo con identidade propia, e as diferentes estratexias que se definan con outros pobos deben arbitrarse desde os parámetros da cooperación e do desenvolvemento, para afirmar unhas relacións internacionais realmente solidarias, propias dunha sociedade que se abre a Europa e ao Mundo.

A Axenda do Presidente referida aos viaxes institucionais ao estranxeiro presentarase para o seu coñecemento e aprobación no Parlamento de Galicia no inicio de cada semestre. Na Axenda figurarán os obxectivos, os fins, os interlocutores e as administracións implicadas nas distintas viaxes. Pasados seis meses do remate do semestre entregarase no Parlamento unha Memoria onde conste unha avaliación sobre a consecución das finalidades previstas, debatidas e aprobadas, así como unha determinación aproximada do retorno que ditas viaxes conlevan para a sociedade galega.

7.

Recoñecemento da República Árabe Saharaui e apoio ao Estado de Palestina.

Galicia acompañará a Acción Exterior do Estado no tocante ao establecemento de acordos de cooperación e desenvolvemento social nos países do Mediterráneo, atendendo á integridade da ética na definición das políticas comerciais, de tal forma que mentres o territorio do pobo saharai siga sendo ocupado por Marrocos, non apoiaremos o deseño de ditas políticas. O respecto polos Dereitos Humanos debe ser garantía de ditas políticas comerciais e se se incumpren, non deben formalizarse ditas políticas.

EN MAREA levará adiante as modificacións legislativas e normativas pertinentes para que se produza o recoñecemento efectivo da República Árabe Saharaui Democrática (RASD), como entidade cos atributos necesarios para constituírse en estado, e a garantía do dereito de autodeterminación do pobo saharai. Mentres non suceda o referendo de autodeterminación o goberno do Estado debe asumir a súa responsabilidade como potencia administradora de iure e rematar a fase de descolonización do Sáhara en todos os aspectos que non asuma a Misión das Nacións Unidas para o Referéndum para o Sáhara Occidental (MINURSO), sobre todo nos referidos á garantía de dereitos fundamentais do pobo saharai contemplados no dereito internacional. Para que isto sexa posible, realizaremos os traballos pertinentes para que a Constitución Española recolla nunha disposición transitoria o establecido no Ditame da CIJ da Haya do 16 de outubro de 1975.

Do mesmo xeito, traballaremos para que se cumpran as resolucións da ONU no tocante á creación do Estado de Palestina e seguimos apoiando a campaña de BDS.

8.

Contribuír ao establecemento dunhas relacións internacionais baseadas na Carta de Nacións Unidas.

Impulsaremos declaracións e acordos que favorezan decisións nacionais e internacionais a favor da Paz. En Marea comprométese co goberno democrático do mundo, a xustiza social, a saúde, o benestar e a esixencia imperativa de todos os dereitos humanos; comprometémonos a defender a esixencia da creación do Estado Palestino; a apoiar a campaña internacional do Boicot, Desinversiones e Sancións (BDS) contra Israel; comprometémonos co proceso de descolonización do territorio non autónomo do Sahara Occidental e o dereito de autodeterminación do pobo saharai e na esixencia que o Estado, como antigo país administrador do Sahara Occidental, asuma a súa responsabilidade como garante da administración do proceso de descolonización.

Neste sentido, e en consonancia coa nosa noción de cooperación, rexeitamos por ser contrario á solidariedade entre pobos e nacións, o TTIP, TISA, CETA, os tratados neoliberais que están cociñando na sombra a Comisión Europea e os EE.UU.

9.

Galicia libre de bases militares da OTAN.

En Marea oponse a que Galicia sexa usada como base operativa da OTAN, en concreto Rozas (Lugo) e Trasmirás (Ourense) que son ambicionadas como bases de drones de uso militar, impediremos que en Galicia se sitúen instalacións militares, recuperaremos con fins sociais o chan cedido ás mesmas e non permitiremos o almacenamento ou tránsito de material bélico e escolas de adestramento militar. Non promocionaremos Feiras para a industria militar. Seguimos coa bandeira: OTAN NON, BASES FÓRA. As bases da OTAN son unha subordinación da nosa seguridade á dos EEUU e a cesión da nosa soberanía aos Estados Unidos. Esa subordinación prodúcese cun Estado

que recoñece prácticas de tortura a detidos, que detén ilegalmente, que practica execucións extraxudiciais en todo o mundo, que practica unha espionaxe xeneralizada e segue mantendo secuestrados no cárcere de Guantánamo. Entraremos a formar parte de Redes que a nivel nacional ou internacional fomenten a Paz. Apoiaremos o labor das Comisións da Verdade e os procesos de Verdade, Xustiza e Reparación.

10. Lei de Fomento da Cultura de Paz de Galicia.

Elaborarase unha lei de Fomento da Cultura de Paz de Galicia e de resolución pacífica de conflitos conforme ao proxecto impulsado polo Seminario Galego de Educación para a Paz durante a primeira lexislatura de Núñez Feijóo, e que contara co apoio da Directora Xeral da Unesco, Irina Bokova e do Presidente da Fundación Cultura de Paz, Federico Mayor Zaragoza. Nesa lexislatura constituírase unha ponencia conxunta que contou co acordo de todos os grupos parlamentarios da Cámara, que tiña por obxecto debater e desenvolver o documento base da lei, artellado conforme ao modelo das Leis catalana de 2003 e da do Estado do ano 2005.

A Cultura de Paz defínese, tal como vén recollido na Declaración e Programa de Acción aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas (ano 1999) como un conxunto de valores, actitudes, tradicións, comportamentos e estilos de vida orientados a cumprir con diversos fins que se artellan ao redor dos seguintes 8 eidos: 1) cultura de paz a través da educación; 2) desenvolvemento económico e social sostible; 3) respecto de todos os dereitos humanos; 4) igualdade entre mulleres e homes; 5) participación democrática; 6) comprensión, respecto e solidariedade; 7) comunicación participativa e libre circulación de información e coñecementos; 8) paz e seguridade internacionais.

O articulado concreto da lei, que se agardaba fora aprobada por unanimidade ao longo do ano 2010, despois dun preámbulo xustificativo e que recolle o importante antecedente histórico do Congreso Internacional de Paz celebrado en Ferrol no ano 1915, trata o obxecto da lei e delimita os eidos de aplicación, a Xunta e a Administración local, priorizando actividades relacionadas cos dereitos humanos e as liberdades individuais e colectivas, a convivencia cidadá, a educación, os medios de comunicación social e o fomento do desarme global.

